

Área Metropolitana de

V I G O

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A expansión urbana rexistrada no último século, sobre todo nos últimos cincuenta anos, obriga a concebir as cidades non como entidades ailladas, senón como realidades metropolitanas, o que provoca a necesidade de adaptar os modelos de crecemento urbano á nova realidade da globalización e da gobernanza.

O intercambio de mercadorías, actividades e información, así como a mobilidade crecente das persoas, realízase nun espazo que supera os límites da cidade, caracterizado por unha serie de retos sociais, económicos, financeiros, territoriais, políticos e institucionais.

Como teñen defendido moitos autores, as nosas áreas urbanas constitúen cada vez máis eses marcos espaciais, políticos, económicos, sociais e medioambientais a partir dos que as sociedades actuais están chamadas a evolucionar e transformarse.

Combater as desigualdades, fomentar a cohesión social e territorial, garantir a mobilidade, planificar as infraestruturas, coordinar as políticas e os servizos, garantir a accesibilidade dos cidadáns aos servizos públicos, asegurar a competitividade e a eficiencia, son os retos que debe afrontar o municipalismo moderno nun contexto supramunicipal.

No propio contexto da Unión Europea o tema da gobernabilidade metropolitana ten sido obxecto de profundo debate nos últimos anos. O documento propiciado pola Comisión Europea “Perspectiva Europea de Ordenación do Territorio” (PEOT), así como os estudos realizados no

contexto do proxecto ESPON (2005) poñen de relieve que as áreas metropolitanas constitúen actualmente o nivel no que se poden cumprir dun modo máis eficaz os obxectivos de ordenación do territorio e facerlles fronte a problemas clave que afectan ao futuro e a sustentabilidade das poboacións.

A normativa básica de réxime local, concretamente a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, recoñece no seu articulado a posibilidade de crear mediante lei do Parlamento de Galicia, áreas metropolitanas “integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisa a planificación conxunta e a coordinación de determinados servicios e obras”.

É necesario construír espazos para a planificación, a coordinación e a xestión eficaz dos recursos nos espazos urbanos, cos municipios que están fortemente integrados na área de influencia, en termos xeográficos, económicos, sociais e mesmo humanos.

Unha instancia de coordinación metropolitana entre os municipios que comparten necesidades e que poden establecer economías de escala na prestación de determinados servizos, co resultado dunha xestión máis eficaz, máis coordinada e máis económica para os cidadáns.

O novo ente metropolitano debe intervir no desenvolvemento económico do territorio, mediante a promoción de estratexias para fomentar a xeración de emprego e riqueza, seguindo a senda da gobernanza multinivel.

A Área Metropolitana de Vigo configúrase nun espazo de máis de 477.000 habitantes, sendo un dos polos económicos máis dinámicos de Galicia.

A poboación da área metropolitana de Vigo supón o 49,78% de toda a provincia, cunha densidade de poboación de 664 hab./km², cando a media provincial é de 213,56 hab./km².

A Área Metropolitana de Vigo, configúrase, en comparación co resto dos concellos da provincia, polo seu dinamismo e densidade xeográfica, por índices de actividade económica e niveis de renda máis elevados e por un peso maior das ocupacións de carácter profesional, traballadores do sector servizos e traballadores cualificados da industria manufacturera, cun sistema empresarial moi diversificado.

Estas características comúns, así como a súa contigüidade xeográfica, conforman un espazo idóneo para a posta en marcha de figuras de cooperación supramunicipal, que mellore e faga máis eficaz a prestación de determinados servizos aos cidadáns.

Vigo é a maior cidade de Galicia e, xunto coa súa área metropolitana, constitúe un auténtico motor de crecemento económico para o país; un exemplo de competitividade e de adaptación a unha realidade social e económica cambiante.

A importancia da economía da área de Vigo ven dada polo seu dinamismo, caracterizado por elevadas taxas de crecemento e pola súa estrutura económica, co predominio dalgúns sectores industriais de

tecnoloxía punta que resultan claves no crecemento económico de Galicia.

Esta especialización e, ao mesmo tempo, diversidade constitúe unha oportunidade para xerar innovación e para incrementar a produtividade, imprescindibles para competir nunha economía globalizada, sustentada no coñecemento, a información e na tecnoloxía intensiva.

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal é unha ferramenta estratéxica de gran potencialidade para o noso desenvolvemento económico e social e, Vigo, que se sitúa no núcleo dese espazo de cooperación, está chamado a xogar un papel fundamental neste ámbito.

As administracións deben traballar conxuntamente para constituir unha masa crítica compacta en toda a área metropolitana, conxugando coñecemento, formación e innovación.

O crecemento demográfico, económico e social desta realidade urbana está afectado na actualidade por condicionantes derivados da ausencia dunha organización supralocal, amosando o actual modelo de organización provincial importantes eivas, que redundan na descoordinación, no desequilibrio, na duplicidade e, por ende, na falla de eficacia dun modelo de organización territorial obsoleto, máis gravoso para os cidadáns e que non responde ás demandas de servizos e prestacións.

A Área Metropolitana de Vigo, por tanto, terá de ser un instrumento ao servizo dos cidadáns, que non duplique administracións, e que non teña un maior custo para os habitantes da área; os cidadáns non poden pagar máis polos mesmos servizos.

Trátase, con este ente, de ir subsumindo unha administración provincial por una administración de base urbana.

Entre as competencias que a Lei de Bases de Réxime Local e maila Lei de Administración Local de Galicia lle confiren ás deputacións provinciais están, as de coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e axeitada de servizos públicos en todo o territorio da provincia, cooperando, especialmente, cos municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes para garantir a súa efectividade.

Esta cooperación especial que sinala a lei cos municipios de menos de 20.000 habitantes significa que 11 dos 14 municipios do espazo metropolitano de Vigo están por debaixo desta ratio. Polo tanto, a creación da área metropolitana de Vigo ten que implicar, necesariamente, cambios profundos na transferencia de responsabilidades, de competencias e de financiamento dende o ente provincial á área metropolitana.

É necesario, polo tanto, que se materialice unha transferencia real de recursos económicos e competencias dos entes autonómicos e provinciais ás áreas metropolitanas.

Con este fin, de non duplicar administracións e, sobre todo, de non gravar máis aos cidadáns con novos impostos, faise necesario que o goberno autonómico e as diputacións cooperen no financiamento das áreas metropolitanas, de forma que se racionalicen os gastos, que se eviten duplicidades presupostarias, de modo que -en aras da eficacia- , xestione directamente determinados recursos a administración máis próxima aos cidadáns.

Débese traballar baixo os principios da descentralización participativa e coordinación autonómica, nun novo modelo de municipalismo, con suficiencia financeira e con solvencia, que no caso das áreas metropolitanas non se pode acadar exclusivamente coas achegas dos concellos participantes na área e, moito menos, incrementando a presión fiscal sobre os cidadáns.

A nova ordenación territorial fortalecerá as infraestructuras de comunicación, transporte e a súa intermodalidade; desenvolverá estratexias de complementariedade e propiciará vías de desconxestión e descentralización da ocupación do territorio, constituíndo unha masa crítica potente e competitiva no contexto da eurrrexión, acadando visibilidade no sistema europeo de cidades.

A organización territorial e administrativa de Galicia debe converterse nunha ferramenta efectiva ao servizo da xestión eficiente dos recursos e do benestar dos cidadáns.

Debe ser quen de garantir servizos públicos de calidade, cunha administración próxima, incrementando a implicación e a participación cidadana no desenvolvemento dun novo modelo de cidade, xa que só

aqueles espazos urbanos amplos e adaptados á nova realidade constituiranse en áreas económicas potentes, modernas e competitivas.

Coa constitución da Área Metropolitana de Vigo conformaremos unha rexión urbana que permitirá equilibrar o desenvolvemento territorial, conformar un sistema de relacións en rede, incrementar a calidade de vida dos cidadáns e conformar un área de influencia máis competitiva.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS E ÁMBITO TERRITORIAL

Artigo 1.- OBXECTO E NATUREZA

1. Ao abeiro do disposto no artigo 40 Estatuto de Autonomía de Galicia, en relación co artigo 27.2, no artigo 43 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e conforme ao previsto na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o obxecto da presente lei é a creación da **Área Metropolitana de Vigo**, así como a regulación do seu funcionamento, organización, competencias e financiamento.
2. A **Área Metropolitana de Vigo** é un ente con personalidade xurídica propia e capacidade plena de autogoberno para xestionar as atribucións e cumprir os fins que a presente lei lle confire.
3. A Área Metropolitana de Vigo rexerase pola presente Lei, polas normas específicas dos diferentes sectores da acción pública, así como pola lexislación de réxime local e a demais normativa de aplicación.
4. O cometido da Área Metropolitana de Vigo desenvolverase de acordo cos seguintes principios:
 - a) Autogoberno, que garante o exercicio da súa actuación baixo a súa responsabilidade e con total autonomía.
 - b) Eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos.
 - c) Participación dos municipios no goberno e xestión da área metropolitana.
 - d) Equilibrio e cohesión social e territorial.
 - e) Suficiencia financeira.

- f) Proximidade das administracións aos cidadáns.
- g) Participación plena da cidadanía na prestación dos servizos públicos.
- h) Igualdade dos cidadáns no acceso aos servizos públicos.
- i) Lealdade e cooperación institucional.
- j) Desenvolvemento sostible.

5. É obxecto da Área Metropolitana de Vigo o establecemento e prestación dos seguintes servizos competencia dos municipios que a formen:

- a) O desenvolvemento das actuacións de vertebración territorial necesarias para a articulación, a conectividade, a mobilidade e a funcionalidade do territorio.
- b) A promoción das actividades económicas da zona, do turismo e do emprego.
- c) A asistencia de carácter técnico, económico ou xurídico aos municipios mancomunados, por encargo ou delegación deles mesmos, especialmente, en materia de planificación territorial, de paisaxe urbana, de planeamento, de disciplina urbanística, no ámbito competencial dos municipios, sen perxuízo das funcións que exercen outras administracións nestas materias.
- d) A xestión do solo e das dotacións, de obras de urbanización, de vivenda asequible, de usos industriais e terciarios, de equipamentos e as obras locais, que sexan encomendadas polos municipios e incluídas nos correspondentes plans e programas de actuación.

e) A preparación dos instrumentos de información de base e urbanísticos (estatística, cartografía e estudos) que poidan ser soporte da actuación territorial.

Toda a actividade da Área Metropolitana de Vigo que teña incidencia no territorio rexerese por criterios de sostibilidade, de garantía do dereito á igualdade de oportunidades das persoas discapacitadas e de protección do patrimonio histórico e cultural.

Así mesmo, a Área Metropolitana de Vigo ocuparase, en tódalas súas actividades, da promoción do idioma galego.

O alcance destas finalidades circunscribírase ao ámbito competencial dos concellos, na medida en que a prestación conxunta dos servizos permita acadar un maior grao de eficacia na xestión.

Artigo 2.- ÁMBITO TERRITORIAL

1. O ámbito territorial da **Área Metropolitana de Vigo** é o definido polo territorio dos termos municipais dos municipios que a integran, que son os seguintes: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.
2. Este ámbito territorial poderá ser modificado por Lei do Parlamento de Galicia, a instancia da Área Metropolitana, trala iniciativa ou solicitude dos municipios afectados. Poderán solicitar a súa incorporación aqueles municipios limítrofes con algún municipio dos xa integrantes. A solicitude de incorporación deberá contar co acordo por maioría absoluta do Pleno da Corporación do municipio solicitante, así como o informe favorable da Xunta de Goberno da Área Metropolitana. O mesmo procedemento será seguido no caso de desexo de abandono

por algún municipio. Neste, caso a solicitude de abandono deberá realizarse coa antelación mínima de un ano.

3. A **Área Metropolitana de Vigo** terá a súa capitalidade no municipio de Vigo. A partir do momento da constitución da Área Metropolitana de Vigo e a efectos dos servizos que dependen doutras administracións públicas, a cidade de Vigo gozará da oferta propia dunha cidade capital de provincia.

CAPÍTULO II

POTESTADES E COMPETENCIAS

Artigo 3.- POTESTADES

1. A **Área Metropolitana de Vigo**, segundo o sinalado pola normativa básica estatal terá as potestades establecidas para as entidades públicas locais de carácter territorial pola lexislación de réxime local.

2. Potestades

- a) Potestade normativa para a aprobación de regulamentos.
- b) Potestade tributaria, tarifaria e financeira.
- c) Potestade de autoorganización.
- d) Potestade de planificación e programación.
- e) Potestade expropiatoria.
- f) Potestade sancionadora.
- g) Potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens.
- h) Potestade de execución forzosa.
- i) Potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.
- j) As demais potestades determinadas polas leis.

3. A **Área Metropolitana de Vigo** gozará das seguintes prerrogativas:

- a) Presunción de legalidade e execución dos seus actos e acordos.

- b) Inembargabilidade de bens e dereitos, nos termos establecidos nas leis.
- c) Prelación, preferencia e outras prerrogativas recoñecidas na facenda pública en relación cos seus créditos, sen perxuízo das que corresponden ás finanzas do Estado e da Comunidade Autónoma e demais administracións públicas, nos termos establecidos pola normativa de aplicación.
- d) Exención dos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos polas leis.

4. **A Área Metropolitana de Vigo**, a través da súa potestade normativa e regulamentaria, e no ámbito das súas competencias, poderá regular:

- a) O exercicio de actividades por parte dos particulares, someténdooas a licenza ou autorización previa, a comunicación previa ou declaración responsable e a outras medidas de inspección e control administrativo, de conformidade coa correspondente lexislación sectorial.
- b) A organización e funcionamento dos servizos e actividades da súa competencia, coa adopción das distintas formas de xestión dos servizos públicos establecidas polas leis.
- c) A potestade sancionadora, de selo caso, exércerese de conformidade coa lexislación de réxime local e coas competencias outorgadas pola presente lei e as leis sectoriais.
- d) Á Área Metropolitana de Vigo ten a facultade de exercer a iniciativa pública na actividade económica, de conformidade co establecido pola lexislación de réxime local.

Artigo 4.- ÁMBITO COMPETENCIAL.

1. A **Área Metropolitana de Vigo** exercerá as competencias que lle atribúe a presente lei, as que lle poidan atribuir outras leis, e, con previa aceptación, as que lle decidan delegar os municipios e outras administracións.
2. No ámbito territorial da Área Metropolitana de Vigo as competencias previstas nesta lei exerceranse de modo exclusivo por este ente e executaranse baixo a súa dirección. Neste sentido, a Deputación Provincial deberá ceder todas as competencias previstas na presente Lei en favor da Área Metropolitana de Vigo para a xestión dentro do seu ámbito territorial das competencias relativas aos concellos integrantes, así como os recursos materiais, persoais e financeiros necesarios para a súa execución, que deberán ser determinados na Comisión Mixta Paritaria.
3. A Área Metropolitana poderá colaborar no exercicio de actividades propias da Administración da Xunta de Galicia e dos demais entes supramunicipais, mediante a sinatura de convenios de colaboración, encargos de xestión, delegación de competencias ou calquera outro instrumento, a favor da Área.
4. A Administración do Estado, da Xunta de Galicia, e outras administracións públicas poderán delegar á Área Metropolitana de Vigo, no marco das súas competencias, a realización de funcións e prestación de servizos de interese común aos concellos asociados.

5. A Área Metropolitana ostentará, nos termos sinalados nos artigos seguintes, competencias sobre as materias que a continuación se indican:

- a) Transporte e Mobilidade.
- b) Augas.
- c) Resíduos.
- d) Promoción económica e emprego.
- e) Concellos en rede.
- f) Servizos Sociais e de Promoción e Reinserción Social.
- g) Turismo.
- h) Medio Ambiente, conservación e xestión de espazos naturais supramunicipais.
- i) Promoción e aproveitamento de enerxías alternativas.
- j) Ordenación do territorio, planificación de infraestructuras, dotacións e equipamentos.
- k) Prevención e extinción de incendios.
- l) Policía local , protección civil e salvamento.

Este ámbito competencial poderá ser ampliado a outras materias e servizos sempre e cando sexa de interese para os municipios mancomunados, a través dos instrumentos e mecanismos de traspaso de competencias previstas na lexislación de réxime local.

Artigo 5.- PLAN DE ACTUACIÓNS METROPOLITANO

1. O Consello da Área Metropolitana aprobará, ao principio de cada mandato, e no prazo máximo de seis meses, un Plan de Actuacións Cuadrienal de Actividades, Obras e Servizos, no que, en todo caso, deberán figurar expresamente os obxectivos da Área Metropolitana durante ese período, con expresión dos servizos e infraestructuras que se prevean acometer, e do mesmo xeito deberá incluír un plan de financiamento, con suxección ao disposto na normativa reguladora das facendas locais.
2. A competencia para a elaboración do Plan Cuadrienal corresponderá á Xunta de Goberno, quen o someterá a información pública polo prazo de un mes, resolvendo as alegacións que no seu caso se produzan, para posteriormente elevalo ao Pleno do Consello Metropolitano.
3. As obras e servizos comprendidos no Plan de actuacións metropolitano cuadrienal levarán implícita, unha vez aprobado éste, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición dos dereitos afectados, aos efectos da súa expropiación forzosa.

Artigo 6.- TRANSPORTE E MOBILIDADE.

1. A Área Metropolitana de Vigo poderá exercer a ordenación, xestión, planificación, inspección e sanción do servizo público de transporte regular terrestre urbano e interurbano de viaxeiros que se desenvolva íntegramente no seu ámbito territorial. Así mesmo, incluírase o

transporte marítimo que teña como punto de orixe e destino algún dos concellos incluídos na Área Metropolitana.

2. O exercicio de tales competencias deberá coordinarse, de conformidade co previsto na lexislación aplicable en materia de transporte urbano e interurbano, coas que lle corresponden á Xunta de Galicia como titular de servizos concesionais que se atopen en explotación no momento de creación da Área Metropolitana. A tal fin, e neste marco, a Área Metropolitana poderá proceder á elaboración dun Plan de Explotación do Servizo do Transporte Público Metropolitano.
3. No que atinxe ás concesións do transporte urbano e interurbano, que transcorran íntegramente dentro do territorio da área metropolitana, e ás concesións de transporte marítimo, que teña como punto de orixe e destino algún dos concellos incluídos na área metropolitana, cúa titularidade corresponda á Xunta de Galicia, a Área Metropolitana subrogarase na posición desta, pasando a ostentar, polo tanto, a titularidade das concesións e con elo todos os dereitos, obrigas e condicionantes derivados das mesmas, ata o remate do prazo polo que estiveran concertadas, sen perxuízo do seu remate nun momento anterior por algunha das causas e co cumprimento dos requisitos sinalados na normativa de aplicación á contratación das Administracións Públicas. Para este fin, estableceranse os mecanismos necesarios de compensación económica á Área Metropolitana por parte da Xunta de Galicia, no suposto de que as obrigas e cargas de ditas concesións superen aos ingresos xerados polos dereitos ata a finalización das concesións transferidas.
4. Exercer as facultades de intervención administrativa nos servizos de transporte público de viaxeiros en automóviles.

5. Promover a planificación e a implantación da infraestrutura “Ferrocarril Metropolitano de Vigo”, analizando as fórmulas asociativas axeitadas que posibiliten a súa viabilidade técnica e económica.
6. Promover relacións con RENFE, a efectos da prestación por éste dos servizos que afecten á Área Metropolitana mediante contratos-programa nos que se regulará a oferta do transporte a proporcionar, os termos nos que debe ser desenvolta, o custo da mesma, os tipos de tarifa e os mecanismos de compensación que resulten das modalidades tarifarias que se establezan.
7. Promoción da mobilidade sostible, fomentando o uso de vehículos limpos e eficientes dende o punto de vista enerxético, mediante a promoción dos vehículos híbridos e eléctricos, así como a planificación dun mapa de electrolíneas no ámbito da área metropolitana.
8. Coordinar actuacións nas paradas e nos vehículos de transporte público, de forma que a área metropolitana dispoña dunha flota e infraestructuras de transporte público, que permitan a accesibilidade de grupos sociais con mobilidade reducida.
9. Aos efectos do establecido no presente artigo, consideraranse servizos de transporte urbano os que transcurran integramente dentro dos respectivos termos municipais dos concellos integrados na Área.
10. Nembargantes, dada a continuidade dos núcleos urbanos ou outra circunstancia que aconsellen unha xestión unitaria ou expansiva, poderán establecerse ámbitos que agrupen máis dun termo municipal

para prestar conxuntamente o servizo de transporte, o cal se considerará como urbano se transcorre integramente por dita área.

11. Neste caso a Área Metropolitana exercerá as competencias de planificación, ordenación e xestión dos servizos de transporte público urbano de conformidade co disposto pola lexislación de réxime local e a lexislación autonómica sobre transportes de viaxeiros por estrada.

12. En relación cos servizos de transporte interurbano corresponderán á Área Metropolitana as seguintes competencias:

- I. Ordenar e xestionar os servizos correspondientes.
- II. Outorgar as concesións de servizos discrecionais.
- III. Outorgar a concesión e autorización de estacións de viaxeiros.

Para o exercicio destas competencias, estableceranse os mecanismos de compensación económica necesarios para o caso de que as obrigas e cargas de ditas concesións superen aos ingresos xerados polos dereitos ata a finalización das concesións transferidas. Estes mecanismos de compensación económica deberán determinarse necesariamente na Comisión Mixta de Transferencias antes da transferencia da competencia.

13. Coordinación e xestión, no seu caso, do transporte de viaxeiros con finalidade cultural ou turística.

Artigo 7.- AUGAS

1. Área Metropolitana poderá intervenir na planificación hidrolóxica a través da súa participación, de selo caso, nos organismos correspondentes, de conformidade co previsto na lexislación aplicable.

2. No suposto de que a Xunta de Goberno así o acordara co quorum dos dous tercios do seu número legal de membros, que en todo caso incluírá o voto favorable dos concellos afectados, o Consello Metropolitano poderá aprobar que a Área Metropolitana xestione o ciclo completo da auga, que, de selo caso, terá competencia en materia de:
 - a) Auga potable
 - b) Augas residuais
 - c) Augas pluviais

3. De acordo co sinalado no apartado anterior e de conformidade coa normativa que resulte de aplicación, para a xestión das súas competencias en materia de augas, a Área Metropolitana realizará, manterá e conservará as infraestructuras necesarias e executará as obras precisas.

Artigo 8.- RESÍDUOS.

1. A Área metropolitana, no marco da normativa que resulte de aplicación, poderá intervenir na planificación do transporte, tratamento e aproveitamento de residuos urbanos.

2. No suposto de que a Xunta de Goberno así o acordara co quórum dos dous tercios do seu número legal de membros, que en todo caso incluírá o voto favorable dos concellos afectados, o Consello Metropolitano poderá decidir que a Área Metropolitana xestione a recollida, transporte, tratamento e aproveitamento de todo tipo de residuos urbanos, considerándose a todos os efectos, incluído o dereito a axudas doutras administracións, como parte do plan autonómico de residuos.
3. Así mesmo, planificará a instalación de puntos limpos para entullos inocuos da construción e aqueles outros puntos limpos de residuos non urbanos que, por razóns medioambientais de interese público sexa conveniente xestionar e intervir.
4. Servizo de refugallos, sen perxuízo da prestación efectiva de dito servizo en colaboración cos municipios.
5. Instalación e xestión de puntos limpos metropolitanos para a recollida de pilas, aceites e outros.

Artigo 9.- PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

1. **Area metropolitana de Vigo** terá competencia para planificar, xestionar e avaliar programas e proxectos económicos e de emprego, que redunden no desenvolvemento socioeconómico da área, con financiamento das outras administracións, con especial atención a aqueles que permitan e canalicen financiamento ou axudas da Xunta de Galicia e das institucións da Unión Europea dentro do contexto de cooperación transfronteriza na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, de acordo co marco competencial establecido na normativa vixente, e sen perxuízo dos instrumentos e canles de cooperación xa existentes ao respecto, promovendo a cooperación nos ámbitos da educación, universidade, investigación, tecnoloxía e industria. Para tal efecto poderanse instrumentar as correspondentes fórmulas de cooperación e colaboración cos concellos afectados e coas entidades e organismos públicos e privados que interveñan como axentes de desenvolvemento dos proxectos.
2. A Área Metropolitana de Vigo fomentará a actividade económica, promoverá a ocupación e a creación de empresas nos campos da industria, o comercio, os servizos e os recursos turísticos. A estes efectos, priorizará a tramitación administrativa nos concellos da área para a implantación de novas empresas e negocios.
3. Promoverá un Plan Estratéxico metropolitano que, coa participación dos axentes económicos, sociais e institucionais, favoreza a modernización, a investigación e a innovación.

4. A Área Metropolitana de Vigo colaborará cos clústers industriais implantados no seu ámbito, fomentando o modelo de triple hélice, mediante a cooperación con outras administracións, a universidade e as empresas, propiciando a consolidación e retención de capital humano cualificado.

Artigo 10.- CONCELLOS EN REDE.

1. Os concellos da Área Metropolitana, co obxecto de mellorar a eficacia e garantir o acceso dos cidadáns a internet e promover a súa participación, crearán e xestionarán unha plataforma informática común, que permitirá, entre outras cousas:

- a) Elaborar un catálogo de prestacións e servizos on-line común para todos os cidadáns da área.
- b) Unificar determinados trámites administrativos a través da rede para que sexan facilmente identificables e realizables polos cidadáns.
- c) Cooperar cos concellos para que incrementen este tipo de prestacións on-line para os cidadáns.
- d) Promover e estender o uso de internet e das novas tecnoloxías no ámbito de actuación da área.
- e) Centralizar e coordinar os servizos técnicos informáticos, na procura da redución de costes, da optimización de recursos e da instauración de economías de escala.

Artigo 11.- SERVIZOS SOCIAIS.

1. Será competencia da Área Metropolitana a coordinación e xestión de todos os servizos sociais e de reinserción social no ámbito do seu territorio.
2. Neste sentido, a Área Metropolitana xestionará todos os servizos sociais e de reinserción social que lle sexan transferidos pola Xunta de Galicia, e coordinará os servizos sociais que preste cada un dos concellos da área.
3. Na Comisión Mixta Paritaria deberán decidirse as competencias que delegará a Xunta de Galicia ou calquera outra administración en favor da Área Metropolitana, así como os medios e recursos materiais, personais e financeiros. Defínense as infraestructuras que se transferirán para o exercicio destas competencias.
4. Ademais, para o exercicio destas competencias, no caso de que se trate de concesións administrativas, estableceranse os mecanismos de compensación económica necesarios para o caso de que as obrigas e cargas de posibles concesións superen aos ingresos xerados polos dereitos ata a finalización das concesións transferidas. Estes mecanismos de compensación económica deberán determinarse necesariamente na comisión mixta paritaria antes da transferencia das competencias.

Artigo 12.- TURISMO.

1. Corresponderá á Área Metropolitana de Vigo a planificación e xestión de programas e proxectos para o desenvolvemento e coordinación das iniciativas turísticas que afecten aos concellos incluídos na Área Metropolitana.
2. Sen perxuízo da forma de xestión desta competencia que se adopte ao abeiro do disposto na presente Lei, poderanse articular as necesarias entidades e organismos públicos e privados que interveñan como axentes de desenvolvemento dos proxectos, establecendo fórmulas de financiamento e cooperación coa Xunta de Galicia, a administración central e outras administracións.

Artigo 13.- MEDIO AMBIENTE, CONSERVACIÓN E XESTIÓN DE ESPAZOS NATURAIS SUPRAMUNICIPAIS

Nesta materia, a Área Metropolitana de Vigo levará a cabo as seguintes funcións:

- a) Coordinación e elaboración dun Plan de Actuación Metropolitano para a protección do medio ambiente, a saúde e a biodiversidade.
- b) Establecemento dunha estratexia metropolitana de loita contra o cambio climático co obxectivo de impulsar políticas conxuntas de loita contra o cambio climático, en particular, en aspectos vencellados coa enerxía, transporte, edificación e planificación urbanística.
- c) Establecemento dunha estratexia conxunta dos municipios en materia de contratacións públicas, que incorpore criterios obrigatorios de sostibilidade e de loita contra o cambio climático.

- a) Elaboración da Axenda 21 metropolitana.
- b) Cooperación entre os municipios para programar as políticas de ordenación ambiental.
- c) Instauración de instrumentos de contabilidade enerxética municipais, co fin de coñecer e controlar os consumos, evitar consumos innecesarios e promover medidas de aforro, así como identificar e adoptar boas prácticas na xestión enerxética municipal dos municipios integrantes da área.
- d) Elaboración dun Plan de Mobilidade Sostible, establecendo as bases para impulsar a cooperación con outras administracións, institucións e entidades con competencias sobre o transporte, co obxectivo de planificar e coordinar os sistemas de transporte multimodal (tren de alta velocidade, transporte aeroportuario, ferrocarril de proximidade, transporte terrestre, transporte marítimo, autopistas do mar, etc.).
- e) Promoción e potenciación do transporte sostible, fomento dos vehículos híbridos e eléctricos. Elaboración dun mapa de electrolíneas metropolitanas. Promoción da instalación de autoservizos de aluguer de coches eléctricos para viaxes curtas, con estacións de aluguer para media xornada ou xornada completa.
- f) Conservación e xestión dos espazos naturais supramunicipais.
- g) Colaboración para elaborar os mapas de capacidade acústica e os mapas estratéxicos de ruídos metropolitanos, para detección de puntos conflictivos, niveis de exposición ao ruído, co obxectivo de adecuar a planificación de futuros usos e elaborar plans de actuación. e coordinación de actuacións.
- h) Promoción e, no seu caso, xestión de instalacións públicas e privadas de enerxías renovables.
- i) Planificación e coordinación de medidas de aforro enerxético e a introducción paulatina de utilización de enerxías renovables como

estratexia de xestión da demanda enerxética, coa finalidade de aforrar enerxía de orixe fósil e diminuír a dependencia enerxética.

Para o exercicio das competencias previstas neste artigo, que se estén a desenvolver por parte da Xunta de Galicia ou calquera outra administración, estableceranse os mecanismos de financiamento necesarios.

A partir da constitución da Área Metropolitana de Vigo, a Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), pasará a desenvolver o seu labor no ámbito de actuación da área metropolitana, baixo a dirección da mesma.

Artigo 14.- PROMOCIÓN APROVEITAMENTOS ENERXÉTICOS ALTERNATIVOS.

Corresponderá á Área Metropolitana a promoción, e incluso, a súa posterior xestión, de proxectos de aproveitamento enerxético a través de enerxías alternativas (hidroeléctrica, solar fotovoltaica, etc.), utilizando os recursos excedentes.

Artigo 15.- ORDENACIÓN TERRITORIAL, PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

1. En materia de infraestructuras de interese metropolitano, a Área Metropolitana de Vigo desenvolverá, no ámbito das súas competencias e de conformidade coa lexislación sectorial en vigor, as actuacións de vertebración territorial necesarias para a mellora da conectividade,

movilidade e funcionalidade do territorio. Con este fin, a Área Metropolitana elaborará un mapa de infraestruturas necesarias para o territorio do seu ámbito.

2. Así mesmo, os concellos integrantes planificarán conxuntamente os emprazamentos das infraestruturas e dos equipamentos de interese metropolitano, establecerán os grandes eixos de desenvolvemento territorial, así como a previsión de espazos verdes e parques metropolitanos. Neste sentido, poderán consensuar as reservas de solo industrial e loxístico, solo para infraestruturas e para sistemas xerais de ámbito metropolitano.
3. Os Concellos integrantes da área poderán definir políticas metropolitanas de solo e de vivenda protexida, así como de actividade económica, para garantir a solidariedade intermunicipal na execución de políticas de vivenda asequible e de protección pública.
4. A Área Metropolitana planificará, no seu caso, mediante o instrumento correspondente, a execución das infraestruturas viarias que sexan da súa titularidade, debendo observarse, tanto na súa formulación como na aprobación, as prescricións contidas na lexislación aplicable en materia de estradas, así como os deberes de información sinalados pola normativa autonómica.

Artigo 16.- PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

Corresponde á Área Metropolitana a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, salvamento de bens e persoas así como cantas outras actividades se refiran directa ou indirectamente a dito servizo.

Artigo 17.- POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL.

Os concellos integrantes da área metropolitana coordinarán os efectivos de Policía Local e Protección Civil no ámbito territorial da súa competencia.

Artigo 18.- FORMAS DE XESTIÓN DOS SERVIZOS.

Para o cumprimento dos seus fins, a Área Metropolitana de Vigo poderá adoptar calquera das formas de xestión establecidas pola normativa de réxime local.

Artigo 19.- PLANIFICACIÓN DOS SERVIZOS

1. Para o establecemento e prestación dos servizos que corresponda o Consello Metropolitano poderá aprobar ao inicio de cada ano un Plan de Actuación Metropolitano no que se establecerán as accións, programas e características específicas para a prestación dos servizos metropolitanos durante o ano.
2. Se fora necesario, poderán incorporarse servizos ou prestacións adicionais que non estean previstos no Plan de Actuación Metropolitano, co acordo do Consello Metropolitano.

3.O Plan de Actuación Metropolitano deberá xustificar a necesidade municipal a satisfacer e a conveniencia ou non da unidade de acción e explotación, deberá acompañar tamén un estudo económico-financieiro sobre a súa viabilidade e o seu custo de implantación, así como o seu réxime de funcionamento e financiamento, no que se incluírán as aportacións a realizar por cada municipio e por parte das demais administracións.

4.Ademais, a Área Metropolitana poderá utilizar as formas de xestión de servizos establecidas pola lexislación de réxime local e poderá crear entes públicos e sociedades mercantís, conxuntamente cos municipios para a prestación dos servizos metropolitanos. Tamén poderá integrarse, xunto con outras administración ou entes privados sen ánimo de lucro en calquera tipo de ente asociativo, que teña por obxecto a prestación e coordinación de servizos públicos no seu ámbito.

CAPITULO III

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 20.- GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.

1.- A organización da **Área Metropolitana de Vigo** estrutúrase nos seguintes órganos:

- a) O Consello Metropolitano.
- b) O Presidente ou presidenta da Área Metropolitana.
- c) A Xunta de Goberno.

Poderase, ademais, establecer e regular como órgano de administración a dirección xeral, así como determinar as competencias que se lle atribúen e delegan.

- 2. Os demais órganos sectoriais de cooperación, coordinación e consulta que o Consello Metropolitano acorde constituir, ao obxecto de permitir a presenza dos axentes públicos e privados da zona metropolitana para a formulación de propostas de actuación e asesoramento da Área.
- 3. A organización determinada no apartado 1 poderá ser complementada por acordo do Consello Metropolitano, ou a través do instrumento do Regulamento Orgánico do que se dote o ente.
- 4. O Consello Metropolitano, a Xunta de Goberno e o Presidente terán a consideración de órganos de goberno da Área Metropolitana.

Artigo 21.- CONSELLO METROPOLITANO

1.- O Consello Metropolitano está integrado por todos os alcaldes ou alcaldesas de cada municipio integrantes da área metropolitana, así como polos concelleiros e concelleiras elixidos polos municipios. Recibirán a denominación de concelleiros/as metropolitanos/as.

Artigo 22.- COMPOSICIÓN DO CONSELLO METROPOLITANO

1. Os alcaldes ou as alcaldesas dos municipios da Área Metropolitana de Vigo son membros natos do Consello Metropolitano. Esta condición é indelegable, agás que a delegación se faga de forma xeral e por un tempo indefinido.

2. A representación da cada un dos municipios no Consello Metropolitano será a seguinte:

- a) Municipios con poboación inferior a 10.000 habitantes: 1 representante.
- b) Municipios con poboación entre 10.001 e 15.000 habitantes: 2 representantes.
- c) Municipios con poboación entre 15.001 e 20.000 habitantes: 3 representantes.
- d) Municipios con poboación entre 20.001 e 50.000 habitantes: 4 representantes.
- e) Municipio de Vigo: 14 representantes, e 1 máis por cada fracción de 25.000 habitantes por encima dos 50.000 habitantes.

3. A representación dos municipios establecida no apartado 2 inclúe ao alcalde ou alcaldesa como membro nato.

4. Os concellos que só designen a un representante, éste será o alcalde ou alcaldesa.
5. O número de habitantes de cada municipio, aos efectos de levar a cabo a distribución de conselleiros/as establecida no apartado 2, será o que se tivo en conta nas eleccións municipais das que resulte a constitución do Consello Metropolitano.
6. Os conselleiros metropolitanos que non son membros natos, así como os substitutos que cubren as vacantes eventuais, son elixidos polo Pleno do Concello de cada municipio entre os seus concelleiros e concelleiras.
7. Aos conselleiros e conselleiras metropolitanos éelles de aplicación o estatuto dos membros das corporacións locais establecido pola lexislación de réxime local.
8. A duración do mandato do Consello Metropolitano e dos membros que o compoñen será a mesma que a dos concellos.
9. A perda da condición de concelleiro ou concelleira fai perder tamén a condición de conselleiro metropolitano ou conselleira metropolitana.

Artigo 23.- DESIGNACIÓN DOS CONSELLEIROS E CONSTITUCIÓN DO CONSELLO METROPOLITANO.

1. Os concellos integrantes da Área Metropolitana, no prazo de trinta días dende a constitución dos concellos, deberán convocar a sesión plenaria para elixir aos representantes do Consello Metropolitano, que non sexan membros natos do mesmo.

2. Para a designación dos representantes do consello de cada municipio, agás o alcalde ou alcaldesa, que é membro nato, a atribución de postos realizarase respecto a proporcionalidade existente en cada corporación.
3. O Consello Metropolitano celebrará a súa sesión constitutiva ao décimo día, ou ao seguinte se é inhábil, do prazo fixado no apartado 1 deste artigo. Dita sesión levarase a cabo de conformidade co establecido pola lexislación electoral xeral.

Artigo 24.- ATRIBUCIÓN DO CONSELLO METROPOLITANO.

- 1.- Correspóndenlle ao Consello Metropolitano as seguintes atribucións:
 - a) Nomear ao presidente ou presidenta, segundo o establecido no artigo 25 desta Lei.
 - b) Tomar en consideración os nomeamentos e os ceses dos conselleiros e conselleiras elixidos por cada municipio integrante da Área Metropolitana de Vigo.
 - c) Determinar o número de membros das comisións e demais órganos de asesoramento e distribuílos entre todos os grupos políticos con representación no Consello Metropolitano.
 - d) Crear e regular os órganos complementarios, no seu caso.
 - e) Controlar e fiscalizar os demais órganos de goberno e administración.
 - f) Aprobar o Programa Metropolitano Cuadrienal e o Plan de Actuación, no seu caso.
 - g) Aprobar o Regulamento Orgánico Metropolitano.
 - h) Aprobar as demais ordenanzas e regulamentos metropolitanos.
 - i) Aprobar as tarifas dos servizos metropolitanos.
 - j) Aprobar e modificar o presuposto e aprobar as contas.
 - k) Aprobar as aportacións económicas dos municipios á facenda metropolitana.

- l) Adoptar os acordos que correspondan en materia de aprobación do planeamento.
- m) Aprobar os informes que deben emitirse nos procedementos de aprobación dos instrumentos de planificación territorial ou urbanística, de competencia doutras administracións.
- n) Resolver os procedementos de asunción de novos servizos públicos e de determinación da súa forma de xestión, previo acordo da Xunta de Goberno e coa aceptación do concello ou concellos afectados.
- o) Transferir e delegar funcións ou actividades a outras administracións públicas e aceptar transferencias ou delegacións realizadas por outras administracións.
- p) Contratar obras, servizos públicos e subministrados, incluídos os contratos pruriantais, que non estean atribuídos ao Presidente ou Presidenta ou á Xunta de Goberno.
- q) Adquirir bens e dereitos se o seu valor supera o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, enaxenar ou grabar bens declarados de valor histórico ou artístico non establecidos no presuposto, se superan as porcentaxes para adquirilo e xestionar e enaxenar bens de carácter patrimonial.
- r) Ampliar o número de anualidades e a modificación de porcentaxes de gastos pruriantais e concertar créditos de conformidade co presuposto e as súas bases de execución.
- s) Desenvolver a xestión económica, a autorización e a disposición de gastos en materia da súa competencia.
- t) Aprobar a plantilla, a relación de postos de traballo, as retribucións do persoal de conformidade co presuposto, a oferta pública de ocupación, o número, o réxime e as retribucións do persoal directivo e eventual, o nomeamento do persoal directivo a proposta do presidente ou presidenta e a separación do servizo dos funcionarios.
- u) Exercer as accións administrativas e xudiciais en materia da súa competencia.

- v) Exercer a facultade de revisión de oficio dos seus acordos e disposicións de carácter xeral e de declaración de lesividade dos seus actos.
- w) Plantear conflitos de competencias con outras administracións e pronunciarse nos conflitos que lles poidan plantear outras administracións.
- x) Informar sobre a incorporación de novos municipios á Área Metropolitana de Vigo, segundo o establecido no artigo 2.2. desta Lei.
- y) As demais atribucións que expresamente lle confiran as leis.

Os acordos adóptanse, por regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. Requírese o voto favorable de maiorías cualificadas do número legal de membros da entidade cando así o estableza a lexislación de réxime local. En todo caso, requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da entidade para aprobar o regulamento orgánico da entidade.

O Consello Metropolitano reunirse, en sesión ordinaria, como mínimo unha vez ao trimestre; así mesmo, poderase reunir en sesión extraordinaria por iniciativa do seu Presidente/a ou por solicitude dunha cuarta parte do número legal dos seus membros.

Con carácter xeral, o funcionamento do Consello Metropolitano rexerase polo disposto na normativa de xeral aplicación ás Entidades Locais contida na lexislación de réxime local, así como polo establecido no Regulamento Orgánico, que no seu caso se aprobe.

Artigo 25.- COMISIÓNS DO CONSELLO METROPOLITANO.

1. O Consello Metropolitano pode constituir as comisións que considere pertinentes para un mellor funcionamento.

2. Ditas comisións poden ter por obxecto o informe previo dos asuntos que deben someterse a aprobación do Consello ou ben o estudo das cuestións específicas que se lles encomende.
3. O número de membros é proporcional á representatividade da cada grupo no Consello Metropolitano, ou igual para cada grupo. Neste último caso, aplicarase o sistema de voto ponderado.

Artigo 26.- O PRESIDENTE OU PRESIDENTA.

1. O Presidente ou presidenta ten a representación máxima da Área Metropolitana de Vigo e é o responsable da xestión política diante do Consello Metropolitano.
2. A elección da presidencia deberá atender ás seguintes condicións e procedemento:
 - a) O presidente ou presidenta da Área Metropolitana de Vigo é nomeado polo Consello Metropolitano entre os seus membros que teñen a condición de alcaldes. A perda da condición de alcalde ou alcaldesa fai perder tamen a do presidente ou presidenta.
 - b) É preciso que a candidatura do presidente ou presidenta teña o apoio da Xunta de Goberno metropolitana, co voto favorable dos alcaldes ou alcaldesas de municipios que representen como mínimo as dúas terceiras partes da poboación da Área Metropolitana. Se non se acadara este apoio, a sesión de constitución do Consello Metropolitano, así como a sesión previa da Xunta de Goberno, quedan de novo convocadas ao sétimo día seguinte na mesma forma.
 - c) Se na segunda convocatoria non se acada o nomeamento de presidente ou presidenta, segundo o procedemento establecido na letra b) deste artigo, na mesma sesión do Consello Metropolitano, os

conselleiros e conselleiras deben proceder á elección en base ás candidaturas propostas polos partidos políticos, coalicións, federacións ou agrupacións de electores, que teñan obtido representación no Consello Metropolitano e o candidato terá que obter unha maioría de tres quintas partes. Se non se elixe ningún candidato ou candidata, debe convocarse outra sesión para elixir ao presidente ou presidente ao sétimo día seguinte ao da convocatoria anterior e á mesma hora.

- d) Se nesta nova sesión tampouco houbera acordo para nomear ao Presidente ou Presidenta, éste será elixido pola Xunta de Goberno Metropolitano, por maioría de tres quintos e co voto favorable de, cando menos, dous municipios dos integrantes da área.

3. Corresponde ao presidente ou presidenta:

- a) Representar á Área Metropolitana de Vigo.
- b) Convocar e presidir as sesións do Consello Metropolitano, da Xunta de Goberno e de calquera outro órgano metropolitano, e dicidir en caso de empate co voto de calidade.
- c) Dirixir o goberno e a administración metropolitana.
- d) Aprobar a organización interna da administración metropolitana, nomear e cesar ao persoal eventual de asesoramento, e propor ao Consello Metropolitano o nomeamento e cese do persoal directivo eventual.
- e) Ordenar a publicación, execución e cumprimento dos actos dos órganos executivos.
- f) Dirixir, inspeccionar e impulsar as actividades e servizos metropolitanos.
- g) Dirixir o persoal da Área Metropolitana de Vigo.
- h) Nomear e cesar ao vicepresidente executivo ou vicepresidenta executiva e aos demais vicepresidentes.
- i) Autorizar, dispoñer gastos e recoñecer obrigas nos límites da súa competencia, ordenar pagos e rendir contas.

- j) Exercer as accións administrativas e xudiciais nas materias da súa competencia e, en caso de urxencia, nas que son competencia do Consello Metropolitano ou da Xunta de Goberno, aos que terá que rendir conta na primeira sesión que teña lugar.
 - k) Aprobar a revisión de oficio dos seus actos e a iniciativa para propoñer ao Consello a delcaración de lesividade en materias da súa competencia.
 - l) Dictar resolucións, decretos e instrucións.
 - m) As demais funcións que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación de réxime local asigna aos entes locais sen atribuílas a outros órganos.
4. O presidente ou presidenta pode nomear, entre os conselleiros metropolitanos, un vicepresidente executivo ou vicepresidenta executiva, e os vicepresidentes que considere oportunos, que deben substituílo en caso de vacante, ausencia ou impedimento.
5. O presidente ou presidenta poderá delegar o exercicio das súas funcións, agás as de convocar e presidir as sesións do Consello e da Xunta de Goberno, decidir os empates co seu voto de calidade, exercer a dirección superior de todo o persoal e despedir ao persoal laboral.

Artigo 27.- A XUNTA DE GOBERNO

1. A Xunta de Goberno, presidida polo presidente ou presidenta do Consello Metropolitano, será o órgano de goberno executivo da área.
2. A Xunta de Goberno estará composta por todos os alcaldes ou alcaldesas conformantes da Área Metropolitana de Vigo.

3. O voto de cada membro da Xunta de Goberno será ponderado, en función do número de representantes que cada Concello teña no Consello Metropolitano.
4. Á Xunta de Goberno corresponderanlle as seguintes atribucións:
 - a) Elaborar o Proxecto do Plan Metropolitano Cuadrienal.
 - b) Aprobar os Proxectos do Regulamento Orgánico e das Ordenanzas.
 - c) Aprobar o Proxecto do Orzamento e das liquidacións trimestrais da súa execución.
 - d) Aprobar os programas de desenvolvemento do Plan de Actuación Metropolitana.
 - e) A autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia.
 - f) O exercicio de accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.
 - g) Exerce-la potestade sancionadora, se fora o caso, agás que por Lei estivera atribuída a outro órgano.
 - h) A concertación de operacións de crédito, contratación administrativa, concesións de toda clase e a xestión do seu patrimonio, todo elo de acordo co Orzamento e as Bases de Execución.
 - i) Aprobar inicial e provisionalmente os instrumentos de planeamento urbanístico cando a aprobación definitiva corresponda ao Consello Metropolitano.
 - j) Adxudicar as concesións e adquirir bens inmobles e dereitos suxetos á lexislación patrimonial se o seu valor non supera o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como enaxenar o patrimonio, se o seu valor non supera a porcentaxe nin a cantidade indicados.
 - k) A concesión de calquera tipo de licencia ou autorización administrativa.
 - l) Aprobar a oferta de emprego público, de acordo co Presuposto e a plantilla aprobados polo Consello Metropolitano, aprobar as bases das

probas para a selección de persoal, así como para os concursos de provisión de postos de traballo.

- m) Exercelas competencias que lle sexan delegadas polo Consello Metropolitano ou polo presidente ou presidenta.
- n) As demais que lle correspondan de acordo coas disposicións legais vixentes.

A Xunta de Goberno reunirse cando menos unha vez ao mes, tamén poderá reunirse en sesión extraordinaria por iniciativa do seu presidente ou por unha cuarta parte do número legal dos seus membros.

Artigo 28. O DIRECTOR OU A DIRECTORA XERAL

1. A Área Metropolitana poderá contar como órgano de administración coa figura dun director ou directora xeral.

2. O director ou directora xeral, que terá a consideración de persoal eventual, será designado pola Xunta de Goberno Metropolitano, a proposta do seu presidente ou presidenta. Seralle de aplicación o réxime de incompatibilidades establecido pola lexislación xeral para o persoal ó servizo das Administracións Públicas.

2. O director ou directora xeral, baixo as directrices e baixo a dependencia directa do Presidente da Área Metropolitana, exercerá as seguintes funcións:

- a) Asegurar o cumprimento dos acordos do Consello Metropolitano e da Xunta de Goberno.
- b) Impulsar e dirixir os servizos técnicos e administrativos que se creen para o exercizo das competencias da Área Metropolitana.

- c) Propórle ao Consello ou á Xunta de Goberno cantas medidas considere convenientes no tocante ó funcionamento da Entidade Metropolitana e ó cumprimento das súas funcións.
 - d) Presentar unha memoria anual sobre o labor realizado.
 - e) Velar polo establecemento de métodos de xestión que garantan unha prestación eficiente e de calidade dos servizos metropolitanos.
 - f) Elaborar os anteprojectos de orzamentos e aqueles outros de carácter técnico.
 - g) Elaborar os plans de actuación e o programa de necesidades da Área Metropolitana, especialmente no que se refire ao Plan Metropolitano Cadrienal.
 - h) Calquera outra que lle sexa encomendada en relación coas funcións que lle veñan atribuídas, sen perxuízo das competencias que lles correspondan ós funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.
3. O director ou a directora xeral asistirá, a requirimento do presidente ou presidenta, con voz pero sen voto, ás sesións do Consello Metropolitano e da Xunta de Goberno, así como ás sesións daqueles outros órganos, cando a presidencia o estime conveniente.

CAPÍTULO IV

FINANCIAMENTO DA ÁREA METROPOLITANA

Artigo 29.- RECURSOS ECONÓMICOS

1. A Área Metropolitana de Vigo financiarase mediante os seguintes recursos:

- a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais ingresos de dereito privado.
- b) Os cánones e demais dereitos pola utilización de bens públicos ou as taxas e prezos públicos pola prestación de servizos da súa competencia, axustados ao custe efectivo derivado das características de cada zona do territorio da área metropolitana.
- c) As contribucións, subvencións e aportacións en xeral provintes doutras administracións públicas, incluídas as aportacións dirixidas ó financiamento de servizos e competencias específicos previamente delegados, transferidos ou encomendados dende outras administracións.
- d) As contribucións con carácter non finalista procedentes da Deputación Provincial, na porcentaxe que resulte da poboación da área metropolitana en relación coa poboación da provincia; da Xunta de Galicia o mesmo financiamento por habitante que o derivado da Lei 4/2002, para o funcionamento da Área Metropolitana.
- e) As contribucións dos municipios integrados na Área Metropolitana que serán fixados polo Consello Metropolitano. A tal fin, os Concellos integrados na Área Metropolitana consignarán, nos seus orzamentos, as cantidades precisas para atende-las devanditas contribucións.
- f) O importe da recadación do recargo provincial sobre os impostos dos concellos integrantes da área metropolitana.

- g) A participación nos tributos do Estado e da Xunta de Galicia, nos termos establecidos pola lexislación reguladora das Facendas Locais.
- h) O produto das operacións de crédito.
- i) Os recursos procedentes da Unión Europea e de programas comunitarios.
- j) As contribucións especiais para a execución de obras e polo establecemento, ampliación ou melloras dos servizos da súa competencia.
- k) O produto das operacións de crédito.
- l) As doazóns de entidades particulares.
- m) Recursos, que con carácter de afectados, puideran contemplarse nos Orzamentos Xerais do Estado en concepto de financiamento de determinados servizos específicos.
- n) Calquera outro que lle corresponda percibir ou, no seu caso, establecerase de acordo coas leis.

2. Se as contribucións dos concellos non se efectuasen, a Área Metropolitana, a través do seu Presidente, poderá solicitarlle á Comunidade Autónoma que reteña, previa instrucción do correspondente procedemento, e con cargo ás transferencias de carácter incondicionado e non finalista que a Comunidade Autónoma poida ter recoñecidas a favor dos Concellos debedores, os fondos do Municipio debedor ata a contía na que se cifre a débeda en cuestión, e os ingrese na facenda da Área Metropolitana. A retención dos fondos por parte da Xunta de Galiza, realizada a instancia da Área Metropolitana, terá a consideración de acto de mera execución, non sendo susceptible de recurso.

3. A Área Metropolitana terá, igualmente, capacidade para adquirir, gravar e allear bens, e obrigarase, mediante relacións de dereito público e privado. O seu réxime orzamentario e contable será o que se sinala na

lexislación aplicable en materia de facendas locais e na súa normativa de desenvolvemento para os entes locais.

4. Na Comisión Mixta Paritaria determinaranse e cuantificaranse as transferencias que realizará a Deputación Provincial a favor da Área Metropolitana, así como os recursos materiais, persoais e financeiros necesarios para a súa execución por este ente. Os devanditos recursos, unha vez cuantificados economicamente, computarán aos efectos do previsto no presente artigo, no seu apartado d).

CAPITULO V

PERSOAL DA ÁREA METROPOLITANA

Artigo 30.- PERSOAL.

1. O persoal ao servizo da Área Metropolitana de Vigo estará formado por funcionarios de carreira, persoal interino, persoal laboral e persoal eventual cedido por cada un dos concellos integrantes de entre o persoal que xa conforma as plantillas municipais respectivas e que xa conta con dotación presupostaria ou provintes da amortización de prazas con dotación presupostaria.
2. Neste sentido, a Área Metropolitana de Vigo poderá promover a mobilidade do persoal entre a Área Metropolitana e os municipios que forman parte da mesma, facendo as previsións respectivas nas relacións de postos de traballo.
3. Tamén poderá estar conformada polos funcionarios de carreira, persoal interino ou laboral que cedan outras administracións no momento da tranferencia de competencias á Área Metropolitana. A Comisión Mixta Paritaria deberá concretar os medios materias e humanos que destina a cada unha das tranferencias a favor da Área Metropolitana.
4. As funcións de secretaría xeral, intervención e tesourería da Área Metropolitana serán exercidas por funcionarios habilitados de carácter nacional.
5. O réxime xurídico aplicable ó persoal da Área Metropolitana será, con carácter xeral, o previsto na lexislación aplicable ao persoal ó servizo das entidades locais.

6. Unha vez constituído o Consello Metropolitano de Vigo queda extinguida a Mancomunidade de Municipios de Vigo. Constituirase unha comisión mixta na que se poderá acordar o procedemento e as condicións nas que son traspasados á Área Metropolitana de Vigo os servizos, medios materiais, financeiros, persoais, dereitos e obrigas de titularidade da mancomunidade, así como todo canto proceda a efectos da substitución da Mancomunidade de Municipios pola Área Metropolitana de Vigo.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS**PRIMEIRA.-**

A integración na Área Metropolitana suporá a cesación da participación dos concellos integrantes en calquera ente asociativo de carácter local que xestionara as mesmas competencias, no que se refire ao exercizo efectivo das mesmas, todo elo de acordo ao previsto nos Estatutos dos respectivos entes.

SEGUNDA.-

1. O desenvolvemento das competencias que a presente Lei determina para a Área Metropolitana e a xestión de servizos a elas inherentes, cando a súa natureza así o esixa, efectuarase previos os acordos de transferencia, delegación ou encomenda de xestión correspondentes, de acordo co disposto nos seguintes apartados.
2. No marco do sinalado na Lei de Administración Local de Galicia, para a negociación da transferencia, delegación ou encomenda de xestión de competencias que puideran efectuarse dende a Xunta de Galicia á Área Metropolitana crearase una Comisión Mixta Paritaria, integrada por un máximo de seis membros, tres representantes da Xunta de Galicia e tres representantes da Área Metropolitana, coa misión de concretar os termos nos que serán realizadas, tanto no que se refire ao custo dos servizos, medios materiais e humanos, condicións do seu exercizo, transferencia do financiamento suficiente para o exercizo das competencias, así como, no seu caso, as infraestructuras necesarias.
3. Co obxecto de determinar as transferencias de competencias que se realizarán dende a Deputación Provincial, crearase, asimesmo, unha Comisión Mixta Paritaria, integrada por un máximo de seis membros, tres representantes da Deputación Provincial e tres representantes da Área Metropolitana, co fin de concretar os termos nos que serán realizadas, determinando así mesmo o financiamento para o exercizo da competencia transferida, así como os medios materiais e humanos que se cederán para tal fin.
4. Cando se trate de competencias transferidas, delegadas ou encomendadas dende os concellos ou mancomunidades á Área

Metropolitana, constituirase para cada entidade local unha comisión paritaria mixta integrada por tres representantes do respectivo ente, elixidos polo Pleno ou órgano equivalente, e outros tres da Área Metropolitana, elixidos polo Consello Metropolitano.

5. Aos efectos anteriores, dos apartados 2, 3 e 4 os acordos das comisións paritarias mixtas deberán conter en todo caso, sen prexuízo das adaptacións que procedan, as seguintes previsións:

a) Referencia ás normas legais en que se ampara cada transferencia, delegación ou encomenda.

b) Identificación dos servizos transferidos, delegados ou encomendados e das funcións que pasará a exercer a Área Metropolitana.

c) Identificación concreta e especificación daquelas funcións concorrentes e compartidas, se fora o caso, entre ambas administracións, determinando as formas institucionais de cooperación entre elas.

d) Inventario detallado dos bens, dereitos e obrigas do Concello que se atopen adscritos á prestación do servizo que se transfira ou delegue, con especificación dos datos que permitan a correcta identificación dos bens inmoables e con determinación dos contratos afectados polo traspaso.

e) Relacións nominais do persoal adscrito aos servizos que se transfiren ou delegan, con expresión do seu número de rexistro de persoal, e ademais, si se trata de funcionarios, o seu corpo, escala, posto de traballo, situación administrativa e réxime de retribucións básicas e complementarias. No caso de persoal laboral expresarase a súa categoría, posto de traballo e réxime de retribucións. En ningún caso, poderase transferir prazas vacantes non dotadas presupostariamente.

f) Relación de vacantes dotadas presupostariamente dos servizos que se traspasan, con indicación do corpo ao que están adscritas, nivel orgánico e importe da dotación económica.

g) A valoración do custo efectivo das funcións e servizos que se transfiran ou deleguen, que comprenderá a agregación dos custos directos ou indirectos e os gastos de investimento, de conservación, mellora substitución e ampliación que procedan.

h) Nos casos nos que a prestación dos servizos que se transfiran estea gravada por taxas ou reporte ingresos de dereito privado, o seu rendemento corresponderalle á Área Metropolitana a partir da data de efectividade da transferencia. O importe da recadación líquida obtido minorará a valoración do custo efectivo.

i) O custo efectivo neto dos servizos transferidos e as modificación que, no seu caso, deban operarse nos presupostos municipais, así como os criterios de actualización no futuro ou a porcentaxe equivalente aos ingresos de ditos presupostos.

j) Inventario da documentación administrativa relativa aos servizos transferidos ou delegados.

k) Data de efectividade do traspaso, antes da que deberán terse formalizado cantos documentos e actuacións sexan precisos para garantir a titularidade e dispoñibilidade pola Área Metropolitana dos bens e dereitos que se transfiran.

TERCEIRA.-

No prazo de un ano dende a constitución da Área Metropolitana de Vigo, aprobarase o Regulamento Orgánico de funcionamento e un Regulamento de Participación Cidadán.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA**ÚNICA.-**

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta Lei.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**ÚNICA.-**

A presente Lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.